



**Berro  
Bambán**

**Berrobambán S.L.**

Avda. de Lugo, 12, baixo  
15702, Santiago de Compostela

+ 34 981V 573 626

+ 34 695 929 262

[www.berrobamban.com](http://www.berrobamban.com)

**BerroBambán presenta:**

# Boas Noites

**P**ara poder durmir ben tes que acabar cos teus medos, iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar. Polo día, o pai e a nai de Xiana queren que a súa filla faga unha chea de

cousas, pero pola noite é libre para deixar voar a imaxinación. Cando Xiana topa con Pedro Chosco descubrimos que a noite garda tamén os misterios que non se atreven a asomar á luz do día. Debes ter conta, porque se non dormes, saberás que algo se agocha entre as sombras.



# Boas Noites

*Boas Noites* resultou a obra gañadora do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil convocado polo IGAEM. O xurado destacou os áxiles diálogos desta peza, a orixinalidade na elección do tema: o estrés infantil e un argumento contemporáneo abordado seguindo a tradición fantástica galega.

A proposta de Berrobambán para a posta en escena de *Boas noites* inclúe música en directo con tres músicos que interpretarán temas orixinais compostos especialmente para esta montaxe, e un elenco de cinco actores e actrices, entre os que se encontran Manuel Vázquez, Chiqui Pereira, Lorena Conde, Paula Carballeira e Anabell Gago, gañadora de 2 premios María Casares.

Berrobambán encárgalle a dirección do proxecto a Jorge Padín, director teatral, actor e responsable da formación de actrices e actores no Taller de Teatro TAT en Logroño,. Jorge Padín pertence á primeira promoción de actores do Teatro de la Abadía e ten traballado en diferentes montaxes da compañía Ultramarinos de Lucas, entre as que se encontra *miramira*, da que foi director e dramaturgo e que levou o premio á innovación artística en teatro para nenos.

## De como Berrobambán chega a *Boas Noites*

*Diariamente*, peza con técnicas de clown estreada no ano 2000, é a montaxe que enceta a traxectoria de Berrobambán como compañía profesional e que ademais lle permite coñecer o público internacional cando no ano 2002 é convidada a participar no XIV ASSITEJ Festival & Congress celebrado en Seúl e no 2005 realiza unha exitosa xira por Canadá.


No ano 2001, coa seguinte estrea da compañía: *Dous contos sen final e un final por fin*, márcase o seu interese polo público familiar e pola integración de música orixinal nos espectáculos, tal como se demostra no concerto *Movimentos para trasnos e trastes*, no que participaron máis de quince músicos de diferentes procedencias, ou na *Historia do soldado* de I. Stravinsky, montaxe na que Berrobambán se responsabilizou da parte teatral e que tivo milleiros de espectadores entre os escolares que asistiron aos concertos didácticos do Auditorio de Galicia.

A aposta de Berrobambán por unha oferta cultural ampla e diversificada para público familiar vén exemplificada pola programación estable denominada *Asteroide B-612*, que desenvolveu desde

o ano 1998 ata o 2002 nas cidades de Santiago de Compostela e Ferrol, e pola coordinación de *Circular*, programación tamén destinada a este tipo de público dentro do proxecto itinerante *A cultura circula* da Consellería de Cultura.

Espectáculos como *NdC*, a partir de textos de Rodrigo García, e *Vendetta*, son mostras dunha liña de traballo para público adulto na que prima a experimentación de novas formas teatrais en diálogo directo cos espectadores.

Coa estrea de *A cabana de Babaiagá* espectáculo producido polo Centro Dramático Galego no que participaron membros de Berrobambán, ábrese a triloxía de montaxes adicadas ao tema do medo na infancia como ferramenta fundamental para medrar coñecendo e aceptando o mundo que nos rodea. Se no devandito espectáculo esta idea se artella a través da estrutura dun conto tradicional cun quinteto de músicos reelaborando en directo pezas dos grandes compositores rusos; na seguinte montaxe da compañía: *Buh!* recupéranse as técnicas do clown mudo para poñerlle ao medo un nariz vermello e poder tirse del. *Boas Noites* pecharía esta triloxía, contextualizando o medo nunha problemática concreta que representa os temores da infancia na actualidade.



**Actúan**

Anabell Gago  
Paula Carballeira  
Manolo Vázquez  
Chiqui Pereira  
Lorena Conde

**Músicos**

Vadzim Yukhnevich  
Begoña Riobo  
Pablo Pérez

**Dirección**

Jorge Padín

**Música**

Manolo Vázquez

**Texto**

Paula Carballeira

**Escenografía**

Cristina F.  
Marta Z.

**Son**

COH3 coperactiva

**Iluminación:**

Fidel Vázquez

**Ilustracións**

Noemí López

**Deseño Gráfico**

Bértolo-Hidalgo

**Unidade Didáctica**

Antonio Reigosa

**Fotografía**

Mónica Gago

**A compañía presentou  
os seus espectáculos  
nos seguintes festivais**

Vancouver International Childrens festival [CANADÁ] /  
ASSITEJ Festival Seoul [KOREA] / Calgary International  
Childrens festival [CANADÁ] / Feira de Teatro de Galicia  
[COMPOSTELA] / Semana de Teatro en Familia [AUDITORIO DE  
CASTRELOS, VIGO] / Teatro en Nadal do Salon Teatro,  
[COMPOSTELA] / Mostra de Teatro Infantil de Ourense  
MOTI / Festival Internacional MANICÓMICOS,  
[A CORUÑA] / Teatro Familiar do Centro Cultural  
Caixanova / Mostra Internacional de Clown,  
FESTICLOWN / Mostra Internancional de Teatro  
Cómico e Festivo de Cangas / Mostra de Teatro  
de Cee / Auditorio de Galicia, [COMPOSTELA] /  
Estiu n'Ermita de Vila-real [CASTELLÓ] /  
Saskatoon International Childrens Festival [CANADÁ] /  
London International Childrens Festival [CANADÁ] /  
Nanaimo International Childrens Festival [CANADÁ] /  
Okanagan International Childrens Festival [CANADÁ] /  
Os domingos do principal, [PONTEVEDRA] / KOSMÓPOLIS  
CCCB [BARCELONA]

**Berrobambán S.L.**

Avda. de Lugo, 12, baixo  
15702, Santiago de Compostela

+ 34 981V 573 626

+ 34 695 929 262

[www.berrobamban.com](http://www.berrobamban.com)



**Berro  
Bambán**